


44 | AGOSTO 2021

**NUMAX
PRESENTA:**



Librería



Libro do mes

**Poema
geométrico**
Rosendo Cid
12.00 €
ESTRAPERLO

«Singular homenaxe ao *Testamento Geométrico* de Rafael Dieste. Rosendo Cid somete cada unha das páxinas a un vaciamiento ou borrado parcial, mantendo algunhas palabras, que van formando frases e poesías soltas, nunha sorte de xeometría azarosa dos sentidos poéticos e dispersos que as propias páxinas orixinais xa contiñan no seu interior» (Estraperlo Editora)




**Que hostia din
os rumorosos**
VVAA
35.00 €
ELVIRA



**Ontoloxía
poética**
Carlos Santiago
18.00 €
CARLOS MEIXIDE



Ese silencio
Avelina Pérez
5.00 €
POSITIVAS



Asylum Road
Olivia Sudic
19.90 €
ALPHA DECAY



**Maricas y sus
amigas entre
revoluciones**
Ned Asta
& Larry Mitchell
18.90 €
CONSONNI



**Manual del anti-
turismo**
Rodolphe
Christin
15.95 €
FUERA DE RUTA



**Un largopuente
de papel....**
Pablo García
Martínez
22.00 €
CSIC



**La columna de
hierro**
Miguel Amorós
15.00 €
MILVUS

Sábado 21 de agosto | 13:30*

JÓIA RARA

[Akazie e Russinha]

Ou subir ou partir as caléndulas



Intemperias
*Correspondencias
interartes con
Xela Arias*



Librería Numax
Abril-outubro 2021

Co apoio da

NUMAX



*Prazas limitadas

Reserva previa en comunicacion@numax.org



Cinema

ESTREAS



Á ABORDAXE! ESTREA 30 XULL

Guillaume Brac, 95', FR, VOSE
Con Eric Nantchouang, Salif Cissé

Unha calorosa noite de verán Félix coñece a Alma. A cita vai estupendamente e acaban durmindo xuntos nun parque. Nada máis despertar, Alma marcha pasar o verán coa súa familia ao sur de Francia. Félix, que namorou perdidamente, decide darlle unha sorpresa.

🏆 **Sección Oficial Xixón 2021**



TEMPO ESTREA 6 AGO

**M. Night Shyamalan, 108',
ING, VOSE, +16**
Con Gael García Bernal, Vicky Krieps

Unha familia comeza as súas vacacións nun destino paradisíaco. Axiña descubren que o idílico lugar rodeado de natureza esconde un terrible secreto.



NAIS VERDADEIRAS ESTREA 6 AGO

Naomi Kawase, 140', XAP, VOSE
Con Hiromi Nagasaku, Arata Iura

Tras unha longa e insatisfactoria loita por quedar embarazada, Satoko e o seu home deciden adoptar un bebé. Anos despois reciben a visita de Hitari, unha descoñecida que di ser a nai biolóxica. Satoko opta por confrontar a Hitari directamente.

🏆 **Sección Oficial Cannes 2020**



XINETES DA XUSTIZA

ESTREA 13 AGO

Anders Thomas Jensen, 116', DA, VOSE

Con Mads Mikkelsen, Nikolaj Lie Kaas

Cando o militar Markus regresa a casa coa súa filla adolescente, recibe a trágica noticia da morte da súa muller nun accidente de tren. O seu amigo Otto, experto en matemáticas e tamén pasaxeiro do tren, está convencido de que non foi un accidente.



CHARLATÁN ESTREA 13 AGO

Agnieszka Holland, 118', CS, VOSE

Con Ivan Trojan, Juraj Loj

Desde novo a Jan Mikolášek fascínanlle as propiedades medicinais das plantas. Dedicou a súa vida a tratar sen distinción a ricos e pobres, os nazis durante a ocupación e os comunistas despois da guerra. Acusado de curandeiro, Mikolášek tivo que demostrar a valía da súa ciencia nun xuízo.

🏆 **Nomeado a Mellor Dirección Premios do Cinema Europeo 2020**



DIRTY DANCING

ESTREA 26 AGO

Emile Ardolino, 97', ING, VOSE, 1987

Con Jennifer Grey, Patrick Swayze

Johnny Castle é un experto profesor de baile e Baby Houseman unha aburrida adolescente de 17 anos. Un verán coñécense no balneario onde el traballa. Aínda que pertencen a clases sociais moi distintas, cando a música soa as diferenzas desaparecen.

🏆 **Mellor Canción Orixinal Oscar e Globos de Ouro 1987**

UNIVERSO DAVID LYNCH



TWIN PEAKS, FOGO CAMIÑA COMIGO ESTREA 13 AGO

David Lynch, 135', ING, VOSE, 1992
Con Sheryl Lee, Ray Wise

Percorremos os derradeiros sete días de Laura Palmer, protagonista da célebre serie de televisión. Durante o día, Laura é unha modélica e popular estudante de instituto. Pola noite afoxa entre drogas e sexo até a adición.

🏆 Sección Oficial Cannes 1992



ESTRADA PERDIDA ESTREA 20 AGO

David Lynch, 130', ING, VOSE, 1997
Con Bill Pullman, Patricia Arquette

Fred Madison, un músico de jazz que vive coa súa esposa Renee, recibe unhas misteriosas fitas de vídeo nas que aparece unha gravación del coa súa esposa dentro da súa propia casa.




UNHA HISTORIA VERDADEIRA ESTREA 27 AGO

David Lynch, 116', ING, VOSE, 1999
Con Richard Farnsworth, Sissy Spacek

Alvin Straight, home viúvo de 73 anos, recibe a nova de que seu irmán sufriu un infarto. A pesar do seu precario estado de saúde decide percorrer os 500 quilómetros que o separan de Wisconsin nunha máquina cortacésped.

🏆 Sección Oficial Cannes 1999

FOCO TSAI MING-LIANG



GOOD BYE, DRAGON INN

DO 16 AO 19 DE AGOSTO

Tsai Ming-liang, 82', ZH, VOSE, 2003

Con Lee Kang-sheng, Chen Shiang-chyi

Nun vello cinema de Taipei vaise proxectar o épico filme de artes marciais de 1967 dirixido por King Hu, *Dragon Inn*. Ha ser a derradeira proxección antes de que a sala peche as súas portas para sempre.

🏆 Premio FIPRESCI Venecia 2004



RIZI (DAYS) PASES ÚNICOS 31 AGO E 4 SET

Tsai Ming-liang, 127', ZH, VOSE, 2020

Con Anong Hounghuangsy, Lee Kang-sheng

Kang vive só nunha casa grande. Sente unha dor estraña que apenas pode soportar e que afecta a todo o seu corpo. Non vive nun pequeno apartamento en Bangkok onde prepara pratos do seu pobo natal. Kang e Non reúnen nun hotel e comparten a súa soidade.

🏆 Sección Oficial Berlinale 2020

PASES ESPECIAIS



PRÓXIMAMENTE

ÚLTIMOS DÍAS PASE ÚNICO 25 AGO

Miguel Eek, 76', ESP, VO

CineCiutat é un cinema cooperativo que proxecta cinema de autor en versión orixinal grazas aos seus 1.200 socios. As dificultades económicas, o esgotamento do equipo, a crise de espectadores e o avellentamento da sala obrigaos a debaterse entre sobrevivir ou pechar as portas definitivamente.

📌 Presentación e coloquio co director

O CARNAVAL DAS ALMAS

PASE ÚNICO 30 AGO

Herk Harvey, 78', ING, VOSE, 1962

Con Candace Hillgoss, Frances Feist

Mary Henry é vítima dun accidente automobilístico. Horas despois, Mary aparece soa e desorientada nun banco de area. Axiña notará que o mundo que a rodea mudou. A liña que separa os vivos dos mortos faise cada vez máis difusa.



**Abónate agora,
ven sempre por**

4€

**Faite
NUMAX!**

**E consegue
un 5% de
desconto
na Librería**



**DE LUGARES E ÓRGANOS
EN NUMAX**

30 de agosto | 19:30

Proxección de *O carnaval das almas*

Presentación e coloquio



**Compostela
Cultura**

Filme do mes

ANNETTE ESTREA 20 AGO

Leos Carax, 140', FR, VOSE
Con Adam Driver, Marion Cotillard

Henry é un monologuista cómico de humor incisivo. Ann, unha cantante de renome internacional. Centro de todas as miradas, xuntos forman unha parella feliz rodeada de glamour. O nacemento da súa primoxénita, Annette, unha nena misteriosa cun destino excepcional, halles mudar a vida.

Nove anos despois da celebrada *Holy Motors* (2012), regresa á primeira liña Leos Carax, un dos creadores máis libres do cinema contemporáneo.

🏆 **Mellor Dirección Cannes 2021**

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

   Síguenos en @numaxcoop

Co patrocinio de

AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica